

ENTORNO ARQUEOLÓXICO DO MONTE PENIDE - REDONDELA - PONTEVEDRA



PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional de España



DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Código GA: GA36045065

DENOMINACIÓN: Mámoa do parque forestal do Vixiador 1

UTM29 ETRS89: 529096 4677743

WGS84: -8.647285651 42.251337122

ÁREA ARQUEOLÓXICA
MONTE PENIDE PREHISTÓRICO



TIPOLOXÍA DE ELEMENTO

TIPOLOXÍA: Túmulo con cámara

DESCRICIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN

CONSERVACIÓN: Malo

Medidas do túmulo: 10.80 m. (eixe N-S); 11.25 m. (L-O); 0.50 m. de altura.

O xacemento foi localizado grazas a un rozado previo da zona. Túmulo bastante achadado, sobre todo pola parte N e W, cun furado central, de aprox. 3 (N-S) por 3,50 m. (L-O) e 0,40 m. de fondo, que deixa ao descuberto parte de tres lousas chantadas de cuarcita dunha cámara intratumular:
L.1: 1,25 m. (ancho); 0,24 (alto); 10 cm. (grosor).
L.2: 1,28 m. (ancho); 0,40 (alto); 15 cm. (grosor). A parte superior desta lousa foi rota recentemente por unha máquina rozadora.
L.3: 0,50 m. (ancho); 0,40 (alto); 18 cm. (grosor).

ACCESOS

Dende Redondela colle a estrada que vai ao aeroporto da Peinador. Despois de aprox. 4 km., collemos un desvío á dereita que leva ao núcleo de Portocabeiro. Logo de subir ata a última casa chegamos a unha chaira onde se empraza un campo de fútbol; uns 200 m. despois deste último hai un cruce no que hai que seguir de fronte por unha ancha pista asfaltada que, despois duns 900 m., nos achega á area recreativa do Vixiador. Dende a cafetería do merendeiro só se segue uns 200 m., en dirección L, pola pista que delimita os concellos de Vigo e Redondela: uns 30 m. á esquerda dela ata o túmulo.